



Santa Irene

Educar en liberdade responsable

**Proxecto
Educativo de
Centro**

IES Santa Irene



ÍNDICE

I. Identificación, intereses e expectativas

1. Notas de identidade do IES Santa Irene	3
1.1. <i>Características ideolóxicas</i>	3
1.2. <i>Datos máis relevantes</i>	4
2. Finalidades que pretendemos coa ESO e Bacharelato	5
2.1. <i>Obxectivos xerais</i>	5
2.2. <i>Estrutura: áreas e unidades</i>	6
3. Recursos	13
3.1. <i>Recursos materiais: aulas</i>	13
3.2. <i>Os outros recursos</i>	14
3.3. <i>Recursos humanos: o profesorado e o persoal non docente</i>	15
4. Tipo de aprendizaxe	15
5. Avaliación e criterios	16
5.1. <i>Normas para a avaliación</i>	18
6. Temas transversais	20

II. A organización académica (Estrutura Pedagóxica e de Servizos)

1. Órganos de goberno	21
1.1. <i>Unipersoais: director/a, xefes de estudo (diúrno e adultos), secretario/a e vicedirector/a.</i>	21
1.2. <i>Colexiados: Consello escolar e Claustro (competencias)</i>	22
2. Órganos de coordinación docente	27
2.1. <i>Departamentos:</i>	27
2.2. <i>Comisión de Coordinación Pedagóxica</i>	30
2.3. <i>Outros órganos (ENL)</i>	31
3. Servizo de biblioteca e documentación	34
4. Persoal non docente	34
5. O alumnado	34
5.1. <i>Xunta de delegados</i>	34



III. Plan de convivencia

ANEXO I

Normas de Organización e Funcionamento do centro. Normas de convivencia

ANEXO II

IV. Plan de Acción tutorial

ANEXO III

V. Plan de dinamización e normalización lingüística

ANEXO IV

VI. Plan de fomento da lectura (plan lector)

ANEXO V

VII. Plan TIC

ANEXO VI

VIII. Plan de atención á diversidade

ANEXO VII



Educación en liberdade responsable

I. Identificación, intereses e expectativas.

Este documento pretende ser unha exposición das intencións educativas, organización e regulamento que ha de servir de marco e orientación para a actividade educativa no IES Santa Irene de Vigo.

En interese da calidade do noso ensino pretendemos que se aseguren a cada alumno as oportunidades suficientes para conseguir os coñecementos e as destrezas esenciais, se logre a motivación do alumnado e se avalíe o control da eficacia tomando como referencia o rendemento obtido polos alumnos. Cobra, pois, especial interese o traballo do profesorado que será o encargado de pormenorizar os obxectivos e contidos así como os medios para alcanzalos, sempre referidos ó seu contexto específico. Esta concreción e desenvolvemento fará necesaria a elaboración do proxecto curricular, referente fundamental para a elaboración da programación didáctica nas que se expresarán os procesos educativos que cada profesor se propón desenvolver no seu grupo e clase, concretándose nas unidades didácticas.

1. Notas de identidade do IES Santa Irene

1.1. Características ideolóxicas

Para este centro a educación constitúe un medio importante de desenvolvemento humano. Entre as finalidades educativas do mesmo reconécese como prioritario o pleno desenvolvemento da personalidade do alumno. Os contidos e as orientacións desa formación para o noso centro iran formulando no seguinte proxecto educativo en función da realidade social e cultural e duns fins xerais que piden a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais no exercicio da tolerancia e da liberdade, procurar a formación no respecto da pluralidade lingüística e cultural do estado español e tratar de conseguir unha formación para a paz, a cooperación e a solidariedade entre os pobos.

Neste proxecto tentamos que tanto os valores como as actitudes éticas e sociais a promover se vexan acompañadas doutros fins máis explícitos: a adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo así como de coñecementos científicos e técnicos, humanísticos, históricos e estéticos que preparen ós nosos alumnos para participar na vida social e cultural.

Cumprindo coa demanda lexislativa resulta evidente que neste proxecto consideramos esa formación do alumnado como unha integración dos aspectos académicos e da dimensión social que implica toda acción educativa. O grande reto é ofrecer non só unha educación para todos, que contribúa á creación ou á ampliación



da igualdade entre persoas e grupos, senón tamén unha educación de calidade que trate de reducir ó máximo os resultados negativos e optimizar por todos os medios as estruturas do actual sistema educativo.

1.2. Datos máis relevantes

O IES Santa Irene, localizado nas Travesas de Vigo (Praza de América, nº 7- C.P. 36211), é un centro de titularidade pública que imparte ESO, Bacharelato (modalidades de Ciencias e Humanidades e ciencias sociais), EPA III e IV e Bacharelato de Adultos. Figuran adscritos a este centro o CEIP Canicouva e o CEIP Plurilingüe Pintor Laxeiro.

O centro dispón dunha superficie distribuída do seguinte xeito:

PLANTA BAIXA: 1.772,73 M²	
Aulas: 309,4 m ² . (6 aulas). Paraninfo: 377 m ² . Biblioteca (Sala de lectura e Depósito de libros): 156,6 m ² . Dirección, Xefatura de estudos e Secretaría: 194 m ² . Escaleiras: 84 m ² .	Departamentos: 40,65 m ² . Aseos: 86,4 m ² . Vestíbulos: 217 m ² . Corredores: 307,98 m ² .
PRIMEIRA PLANTA: 1.361,73 m².	
Aulas: 671,80 m ² (10 aulas). Tribuna paraninfo: 54 m ² . Departamentos: 113,75 m ² . Aseos: 86,4 m ² .	Corredores: 307,68 m ² . Escaleiras: 84 m ² . Sala de profesores: 44,1 m ² . Terrazas: 54 m ² .
SEGUNDA PLANTA E ÚLTIMA: 1.376.2405 m².	
Aulas: 576,45 m ² . (7 aulas). Departamentos e laboratorios: 417,5 m ² . Aseos: 86,4 m ² .	Aula de Apoio: 40 m ² . Corredores: 172,2 m ² . Escaleiras: 84 m ² .
SOTOS: 364 m²	
- Salas de usos múltiples (2 de audiovisuais e 1 de informática). - Servizo de mantemento. - Arquivo e depósito de libros - Almacén. - Cuarto de caldeiras da calefacción.	



ANEXO: 320 m ²	
- AULA DE MÚSICA: 160 m ²	
- AULA DE TECNOLOXÍA: 160 m ² .	

TOTAL: 5.234,91 m ²			
PLANTA BAIXA:	1.772,73 m ²	ALTURA dos TEITOS:	3,80 m.
PLANTA PRIMEIRA:	1.361,73 m ²	ALTURA do PARANINFO:	7,60 m.
PLANTA SEGUNDA:	1.336,45 m ²		
ANEXO:	320 m ²		
SOTOS:	364,00 m ²		
TOTAL: :	5154,91 m²		

CAPACIDADE DO INSTITUTO EN METROS CÚBICOS: 19.805,258 m ³	
- PARANINFO:	2.865,2 m ³ .
- RESTO EDIFICIO:	16.940,058 m ³ .

2. Finalidades que pretendemos coa ESO e Bacharelato

2.1. Obxectivos xerais

Os obxectivos xerais que nos fixamos consisten en contribuír desde o centro a que o alumno desenvolva as súas capacidades intelectuais, físicas, de equilibrio persoal e afectivo, de relación interpersonal e actuación e inserción social. Son intencións educativas que se establecen para todos os alumnos e como punto de referencia do profesor ó deseñar a súa tarefa na aula, que se formulan nos seguintes enunciados:

a) Comprender e producir mensaxes orais e escritos con propiedade, autonomía e creatividade en galego, castelán e, ao menos nunha lingua estranxeira, utilizándoos para comunicarse e para organizar os propios pensamentos e reflexionar sobre os procesos implicados no uso da linguaxe.

b) Interpretar e producir con propiedade, autonomía e creatividade mensaxes que utilicen códigos artísticos, científicos e técnicos, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación e reflexionar sobre os procesos implicándose no seu uso.

c) Obter e seleccionar información utilizando as fontes nas que habitualmente se atopa dispoñible, tratala de forma autónoma e crítica, cunha finalidade previamente establecida, e transmitida aos demais de maneira organizada e intelixible.



d) Elaborar estratexias de identificación e resolución de problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia, mediante procedementos intuitivos e de razoamento lóxico, contrastándoas e reflexionando sobre o procedemento seguido.

e) Formarse unha idea adecuada de si mesmos, das súas características e posibilidades e desenvolver actividades de forma autónoma e equilibrada, valorando o esforzo e a superación de dificultades.

f) Relacionarse con outras persoas e participar en actividades de grupo con actitudes solidarias e tolerantes, rexeitando todo tipo de discriminación debidas á raza, ao sexo, á clase social, ás crenzas e outras características individuais, sociais e culturais.

g) Analizar os mecanismos e valores que rexen o funcionamento das sociedades, en especial os relativos ós dereitos e deberes dos cidadáns, elaborar xuízos e criterios persoais e actuar con autonomía e iniciativa na vida activa e adulta.

h) Coñecer as crenzas, actitudes e valores básicos da nosa tradición e patrimonio cultural, valoralos criticamente e elixir aquelas opcións que mellor favorezan o seu desenvolvemento integral como persoas.

i) Analizar os mecanismos básicos que rexen o funcionamento do medio físico, valorar as repercusións que sobre el teñen as actividades humanas e contribuír activamente á súa defensa, conservación e mellora como elemento determinante da calidade de vida.

l) Coñecer e valorar o desenvolvemento científico e tecnolóxico, as súas aplicacións e a incidencia no seu medio físico e social.

m) Coñecer e apreciar o patrimonio natural e cultural e contribuír activamente á súa conservación e mellora, entender a diversidade lingüística e cultural como un dereito dos pobos e dos individuos á súa identidade, e desenvolver unha actitude de interese e respecto de cara ó exercicio deste dereito.

n) Coñecer e comprender os aspectos básicos do funcionamento do propio corpo e das consecuencias para a saúde individual e colectiva dos actos e decisión persoais, e valorar os beneficios que supoñen os hábitos do exercicio físico, da hixiene e dunha alimentación equilibrada, así como o de levar unha vida sa.

2.2. Estrutura: áreas e unidades

2.1.1. ESO

As características e propósitos que se esperan conseguir coa ESO inducen a organizar o ensino baixo a estrutura de materias. Estas materias teñen como obxectivo o desenvolvemento das capacidades específicas que colaboren a alcanzar as capacidades de tipo xeral que se pretenden na etapa da ESO e que mencionamos en liñas precedentes.

No primeiro curso, coa entrada en vigor este curso a LOMCE, poderán agruparse as materias en ámbitos para que o alumnado se adapte mellor á nova etapa no instituto.

Para a ESO as materias a través das cales os alumnos deberán alcanzar as capacidades que se establecen como obxectivos desta etapa son as seguintes:



1º ESO	
Troncais:	Lingua castelá e literatura, Xeografía e Historia, 1ª Lingua estranxeira: Inglés, Matemáticas, Bioloxía e Xeoloxía, Tutoría
Específicas	Educación Física, Educación Plástica, Visual e Audiovisual, 2ª Lingua estranxeira: Francés Relixión ou Valores éticos (Elixir unha das dúas)
Libre configuración	Autonómica: Lingua e Literatura Galega De centro: Proxecto colaborativo
2º ESO	
Comúns: Lingua galega e literatura, Lingua castelá e literatura, Ciencias Sociais Xeografía e Historia, 1ª Lingua estranxeira: Inglés, 2ª Lingua estranxeira: Francés, Matemáticas, Educación Física, Ciencias da Natureza, Música, Tecnoloxía, Educación para a cidadanía, Tutoría	
(Elixir 1)	Relixión Atención Educativa
3º ESO	
Troncais:	Lingua castelá e literatura, Lingua Estranxeira: Inglés, Xeografía e Historia, Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía, Tutoría. Matemáticas Académicas ou Matemáticas Aplicadas (elixir unha)
Específicas	Educación Física, Música, Tecnoloxía, Educación Plástica, Visual e Audiovisual, Cultura Clásica ou 2ª Lingua estranxeira: Francés Relixión ou Valore éticos (elixir unha das dúas)
Libre configuración	Autonómica: Lingua e Literatura Galega
4º ESO	
Comúns: Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura, Lingua Estranxeira: Inglés, Xeografía e Historia, Educación Física, Ética e Tutoría.	
(Elixir 1)	Relixión Atención educativa
Itinerario	Materias Optativas:
Técnico	Matemáticas B / Física e Química / Debuxo / Informática / Tecnoloxía
Biosanitario	Matemáticas B / Física e Química / Bioloxía / Informática / Francés 2ºI
Dobre Vía	Matemáticas B / Física e Química / Bioloxía / Informática / Debuxo
Sociais	Matemáticas B / Informática / Música / Francés 2ºI / OIE *
Humanidades	Matemáticas A / Informática / Latín / Francés 2ºI / OIE*
Ciclos Formativos	Matemáticas A / Informática / Música / Francés 2ºI / OIE*
PDC	

Para a ESO o conxunto das materias curriculares constitúen o marco de actuación desde o cal o centro intervéñ e colabora no desenvolvemento do alumno a través dos diferentes campos. Desde a materia de *Bioloxía e Xeoloxía* preténdese que o alumno adquira os instrumentos conceptuais e metodolóxicos para comprender a natureza e os procesos que a rexen, o coñecemento do propio corpo como parte integrante da mesma e favorecer hábitos de coidado, tanto da natureza en xeral como do propio corpo.



A materia de *Xeografía e Historia*, debe aportar ós alumnos o coñecemento, comprensión e valoración crítica do medio xeográfico e social, debe estimular neles a adquisición de actitudes de tolerancia, participación, solidariedade, respecto e aprecio, tanto doutros grupos sociais como do patrimonio e medio xeográfico galego.

A *Educación Física* debe colaborar ó desenvolvemento das capacidades e posibilidades motóricas dos alumnos, á mellora do seu hábito de saúde e a unha predisposición favorable á participación e inserción social.

As materias de *Lingua e Literatura galega e castelá* e as de *Linguas Estranxeiras* deberán afiuzar as capacidades comunicativas dos alumnos, desenvolver destrezas lingüísticas de comprensión e expresión e consolidar o hábito de lectura.

As materias de *Educación Plástica, Visual e Audiovisual* e *Música* deben desenvolver as capacidades de expresión e comprensión plástica, visual e musical, deben estimular hábitos creativos nos alumnos e deben potenciar a súa utilización e aproveitamento.

A materia de *Tecnoloxía* debe aportar a dimensión funcional do aprendido a través da resolución de problemas prácticos e debe potenciar as capacidades de inserción e actuación social facilitando o tránsito da escola á vida activa.

A materia de *Matemáticas* debe proporcionar instrumentos conceptuais e metodolóxicos para representar e explicar situacións da realidade, debe incrementar os niveis de abstracción, formalización e simbolización do coñecemento partindo da experiencia práctica dos alumnos.

A materia de *Relixión* debe garantir o dereito constitucional que asiste ós pais de que os seus fillos reciban unha educación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas propias convicións. Non será materia obrigatoria, os alumnos que non a desexen contarán terán como alternativa unha Atención Educativa.

As materias curriculares organízanse en bloques de contido como instrumento funcional para levar á práctica os obxectivos de área e de etapa. Non se pretende unicamente un saber teórico descabalgado da realidade do alumno, senón debemos intentar que o centro colabore activamente na solución dos problemas que en relación ás diferentes áreas se xeran na vida diaria.

Corresponderá ó profesorado, nos sucesivos niveis de concreción, desenvolver todos os contidos; darlle coherencia, estrutura e unidade interna para a súa mellor comprensión; valorar o momento en que deben intervenir na actividade formativa e adecualos á singularidade do alumno e ás do medio sacionatural no que vive.

2.1.2. Bacharelato

O bacharelato comprende dous cursos académicos e ten como finalidade a formación xeral dos alumnos, así como a súa orientación e preparación para os estudos universitarios como de formación profesional específica, para a súa incorporación á vida activa.

O plan de estudos que ofrece o centro queda establecido en dúas modalidades e os seguintes itinerarios:



1º de Bacharelato			
Materias xerais troncais (9 h./sem.)		Lingua Castelá I, Inglés I, Filosofía	
Materias troncais de modalidade (12 h. semanais)			
Modalidade	Obrigatoria	Modais (elixir 2 en cada modalidade)	
Ciencias	Matemáticas I	Física e Química Biología e Xeoloxía Debuxo Técnico I	
Ciencias Sociais	Matemáticas Aplicadas I	Economía Historia do Mundo Contemporáneo	
Humanidades	Latín I	Grego I (obrigatoria)	Historia do Mundo Contemporáneo Literatura universal
Materias Específicas (elixir un total de 6 h. semanais cun mínimo de dúas materias e un máximo de 3)			
Materias de 4 h./sem.	Materias de 3 h./sem.	Materias de 2 h./sem	Materias de 1 h./sem
Debuxo Técnico I <input type="checkbox"/>	Tecnoloxía Industrial I <input type="checkbox"/>	Cultura Científica <input type="checkbox"/>	Relixión <input type="checkbox"/>
Biología e Xeoloxía <input type="checkbox"/>	Anatomía Aplicada <input type="checkbox"/>	Francés 2º Idioma <input type="checkbox"/>	Introdución ao Traballo de Investigación <input type="checkbox"/>
Literatura Universal <input type="checkbox"/>	Linguaxe e Práctica Musical <input type="checkbox"/>	Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) I <input type="checkbox"/>	
Materias Específicas Obrigatorias (5 h. semanais)			
Lingua Galega e Literatura I Educación Física			

2º de Bacharelato					
Materias comúns		Lingua Galega e literatura (II), Lingua Castelá e literatura (II), Filosofía (II), Historia e Inglés (II).			
Lingua estranxeira		Inglés			
(elixir 1 opción)		Relixión			
		Atención Educativa			
2º Bacharelato	Obrigatoria	Modais (2)		Optativa	
Ciencias e Técnicas	Matemáticas II	Física	Química	Debuxo	
	Matemáticas II	Física	Química	Electrotecnia	
Biosanitarias	Matemáticas II	Biología	Química	Ciencia da Terra e M.A.	
Dobre Vía	Matemáticas II	Física	Biología	Química	
Sociais	Xeografía	Matemáticas Aplicadas II	Economía da Empresa	Francés 2º Idioma	
	Xeografía	Matemáticas Aplicadas II	Economía da Empresa	Ética e Filos. do Dereito	
Humanidades	Xeografía	Latín II	Grego II	Literatura Universal	
	Xeografía	Latín II	Grego II	Francés 2º Idioma	



	Xeografía	Hª da Arte	Grego II	Literatura Universal	
	Xeografía	Hª da Arte	Ética e Filos. do Dereito	Literatura Universal	

Os niveis 2º, 4º de ESO e 2º de bacharelato no curso 2015/2016 está baixo a lexislación da LOE. Se aplicará a LOMCE a partir do curso 2016/2017.

Dada a grande cantidade de combinacións que se poden formar coas opcións dispoñibles, segundo a petición do alumnado, ou previamente, se ofrecerán estas materias en diferentes itinerarios que poderán variar en cada curso académico.

2.1.3. Ensinanza de adultos

ESA

Os ensinos desta etapa para as persoas adultas organízanse nos niveis III e IV, de trinta e cinco semanas de duración cada un, e desenvolveranse durante o ano académico.

En cada nivel cursaranse tres ámbitos:

- Ámbito científico-tecnolóxico. Está constituído por tres módulos en cada un dos niveis: módulo de ciencias da natureza, módulo de matemáticas e módulo de tecnoloxía, que inclúen os aspectos básicos referidos ás materias de Ciencias da natureza, Matemáticas, Tecnoloxías e os aspectos relacionados coa saúde e o medio natural recollidos no currículo de educación física.
- Ámbito de comunicación. Está constituído por dous módulos en cada nivel: módulo de lingua castelá e literatura e módulo de primeira lingua estranxeira.
- Ámbito social. Está integrado por un único módulo en cada un dos niveis: módulo de ciencias sociais, xeografía e historia, que inclúe os aspectos básicos referidos ás materias de Ciencias sociais, Xeografía e Historia, Educación para a cidadanía, os aspectos de percepción recollidos nos currículos de educación plástica e visual e música.



1º BACHARELATO DE ADULTOS

Curso Completo (Elixirase unha modalidade)
Materias soltas (Indicaranse as materias elixidas)

1º de Bacharelato			
Materias xerais troncais (9 h./sem.)		Lingua Castelá e Literatura I, Inglés I, Filosofía	
Materias Troncais (12 h. semanais)			
Modalidade	Obrigatoria	Modais (elixir 2 materias)	
Ciencias	Matemáticas I	Biología e Xeoloxía Física e Química Debuxo Técnico I	
Ciencias Sociais	Matemáticas Aplicadas I	Economía Historia do Mundo Contemporáneo	
Humanidades	Latín I	Grego I (obrigatoria)	Historia do Mundo Contemporáneo Literatura universal
Materias Específicas (elixir dúas materias, sumando un mínimo de 3h e un máximo de 6h)			
Materias de 4 h./sem.		Materias de 2 h./sem	Materias de 1 h./sem
Debuxo Técnico I <input type="checkbox"/>		Cultura Científica <input type="checkbox"/>	Relixión <input type="checkbox"/>
Biología e Xeoloxía <input type="checkbox"/>		Francés 2º Idioma <input type="checkbox"/>	
Literatura Universal <input type="checkbox"/>		Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) I <input type="checkbox"/>	
Materias Específicas Obrigatorias (5 horas)			
Lingua e Literatura Galega I Educación Física			

Existen dúas modalidades de matrícula: por curso completo ou por materias soltas.

Por curso completo.

1º Nesta opción teñen que facerse todas as materias comúns e tense que elixir unha opción de modalidade marcando o recadro correspondente.

Materias soltas.

1ª De ter mais de dúas materias de primeiro de bacharelato é obrigatorio matricularse unicamente destas. Neste caso deberán indicarse marcando o recadro de cada materia tanto comúns como as de modalidade.

2º Se ademais se o alumno/a quere facer materias de segundo de bacharelato deberá solicitar ampliación de matrícula no espazo reservado para elo. En total poden facerse ata un máximo de 9 materias entre ámbolos dous cursos.



2º BACHARELATO DE ADULTOS

Curso Completo	(Elixirase unha modalidade) <input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	Pendientes de 1º (só curso completo)
Materias soltas	(Marcar anse as materias elixidas)	<input type="checkbox"/>	
Materias comúns			
Lingua Galega (II)	<input type="checkbox"/>	Lingua Castelá (II)	<input type="checkbox"/>
Historia.de España	<input type="checkbox"/>	Inglés (II)	<input type="checkbox"/>
			Historia da Filosofía <input type="checkbox"/>

Ciencias e Tecnoloxía

Matemáticas (II)	<input type="checkbox"/>	Matemáticas (II)	<input type="checkbox"/>
Biología	<input type="checkbox"/>	Biología	<input type="checkbox"/>
Química	<input type="checkbox"/>	Química	<input type="checkbox"/>
Física	<input type="checkbox"/>	Ciencias da Terra e do Medio Ambiente	<input type="checkbox"/>

Humanidades e Ciencias Sociais

Xeografía	<input type="checkbox"/>	Xeografía	<input type="checkbox"/>	Xeografía	<input type="checkbox"/>	Xeografía	<input type="checkbox"/>	Xeografía	<input type="checkbox"/>
Latín (II)	<input type="checkbox"/>	Latín (II)	<input type="checkbox"/>	Historia da Arte	<input type="checkbox"/>	Economía da Empresa	<input type="checkbox"/>	Economía da Empresa	<input type="checkbox"/>
Grego (II)	<input type="checkbox"/>	Historia da Arte	<input type="checkbox"/>	Literatura Universal	<input type="checkbox"/>	Historia da Arte	<input type="checkbox"/>	Matemáticas Aplicadas II	<input type="checkbox"/>
Literatura Universal	<input type="checkbox"/>	Literatura Universal	<input type="checkbox"/>	Ética e Filosofía do Dereito	<input type="checkbox"/>	Ética e Filosofía do Dereito	<input type="checkbox"/>	Ética e Filosofía do Dereito	<input type="checkbox"/>

Existen dúas modalidades de matrícula: por curso completo ou por materias soltas.

Por curso completo.

1º Nesta opción teñen que facerse todas as materias comúns e tense que elixir unha opción de modalidade marcando o recadro correspondente.

2º. Neste caso pódense levar ata dúas materias pendentes de primeiro de bacharelato que deberán indicarse no espazo reservado.

Materias soltas.

1ª De ter todo o 1º de bacharelato aprobado, poderán matricularse de materias soltas de 2º de bacharelato. Neste caso deberán indicarse as materias elixidas marcando o recadro de cada materia tanto as comúns como as de modalidade.

O nivel de 2º de bacharelato no curso 2015/2016 está baixo a lexislación da LOE. Se aplicará a LOMCE a partir do curso 2016/2017.



3. Recursos

A consecución destes obxectivos obriga a ter presentes non só as cuestións de orde ideolóxica, organizativas ou técnicas. Obriga de igual maneira a dotar ó centro de materiais humanos.

3.1. Recursos materiais: aulas

Número e superficie das aulas

Aulas	Dimensións	Superficie en m ²
-------	------------	------------------------------

Planta baixa

10	8,85 x 7,35	65
11	8 x 7,35	58,8
12	6,80 x 6,70	45,6
13	8,10 x 7	56,7
14	5,80 x 7	40,6
15	5,80 x 7	40,6

1ª planta

20	9,20 x 7,35	67,6
21	8, x 7,35	58,8
22	6,55 x 6,02	39,4
23	9,90 x 7,05	69,8
24	10,20 x 7,05	72
25	10,20 x 7,05	72
26	9,80 x 7,05	69
27	6,75 x 6,05	40,8
28	8,10 x 7,40	59,9
Debuxo	9,10 x 11	100

2ª Planta

30	11 x 7,30	80,3
31	6 x 8,20	49,2
32	4 x 8,20	32,8
33	6,80 x 9,20	62,6
34	7,90 x 8,35	66



35	8,30 x 8,35	69,3
36	8,05 x 8,35	67,2
37	8,35 x 8,35	69,7
38	8,35 x 8,35	69,7

Anexo

Tecnoloxía	160
Música	160

Soto

2 salas de usos múltiples	110
Aula de informática II	105

3.2. Os outros recursos

O libro de texto segue a ser o material impreso máis utilizado. Para os libros de consulta o centro conta cun depósito de máis de 14.000 títulos repartidos entre os departamentos e a biblioteca. Hai outra gamma de materiais tecnolóxicos modernos que poden prestar un excelente servizo ó profesor, pero cremos que nunca deben restarlle protagonismo. Entre eles contamos con:

- Fotocopiadoras (dixitais) B/N e cor
- Proxectores de diapositivas (de consola e portátiles)
- Proxectores de vídeo (en todas as aulas)
- Radios-cassettes
- Magnetoscopios
- Vídeos
- Retroproxectores
- Ordenadores
- Ordenadores nas Aulas Abalar para o alumnado de 1º e 2º de ESO
- Pizarras dixitais nas Aulas Abalar

Unha das liñas telefónicas é ADSL a cargo da Consellería de Educación o que permite, de modo gratuíto, tanto a conexión coa Rede de Datos da Xunta de Galicia como a conexión a Internet.

As aulas específicas de Debuxo, Música e Tecnoloxía contan con material propio, aportado pola Consellería.

Excluindo os materiais adquiridos en función dun aula concreta (aulas de música, vídeo, tecnoloxía, informática e debuxo) parece razoable organizar a utilización destes recursos. Cómpre que se reserve día e hora en Conserxería para evitar posibles coincidencias entre departamentos.



O profesorado deberá preocuparse polo mantemento e conservación de todos os aparatos. A dirección encargárase de adquirir novo material de acordo coas peticións feitas polos departamentos didácticos. Estes últimos producirán tamén os seus propios materiais didácticos (a través da prensa ou de outros medios).

3.3. Recursos humanos: o profesorado e o persoal non docente

O instituto conta con:

- **17 departamentos didácticos:** Lingua e Literatura Galega, Lingua e Literatura Castelá, Xeografía e Historia, Música, Latín, Ciencias da Natureza, Inglés, Artes Plásticas, Educación Física, Francés, Grego, Matemáticas, Filosofía, Física e Química, Tecnoloxía, Relixión Católica, Economía.

- **1 departamento de orientación.**
- **1 bibliotecaria.**
- **3 administrativos.**
- **5 bedeis.**
- **3 limpadoras.**

4. Tipo de aprendizaxe

A metodoloxía utilizada no ensino deberá ser responsabilidade do profesor que dirixe e orienta esa acción. Sen embargo para unha maior coordinación didáctica de todas as actividades do centro sinalaremos os aspectos xerais referidos a métodos e técnicas didácticas:

- ❖ Os contidos de cada disciplina non deben estar illados dos contidos das restantes disciplinas nin desvinculados da realidade sacionatural.
- ❖ A aprendizaxe debe ter sentido na medida en que serve para resolver os problemas que presenta a vida diaria ou para ser transferidos a outras situacións de aprendizaxe.
- ❖ O profesorado deberá potenciar todos os aspectos encamiñados a aumentar a autoestima dos alumnos e a súa motivación cara ó ensino (confianza, convición, entusiasmo ...).
- ❖ O profesorado potenciará o estudo individual, a busca autónoma da documentación, a organización independente do seu traballo, etc.
- ❖ As aprendizaxes deberán adaptarse ás características individuais dos alumnos. Isto supón que hai que partir dos coñecementos que teñan os alumnos, das súas expectativas e posibilidades de éxito, das súas características persoais e intelectuais, dos seus ritmos de aprendizaxe, etc.
- ❖ A educación debe ser un proceso de socialización, de apertura persoal, de comunicación, de adaptación, de integración social e de traballo colaborativo. No desenvolvemento das actividades o alumno deberá aprender a convivir, a compartir, a colaborar, a traballar en



equipo, a contrastar pensamentos e accións, a satisfacer a súa tendencia natural cara á comunicación cos demais.

- ❖ Daremos prioridade ós aprendizaxes que se realizan a través da experiencia, á comprensión do que se fai e ós procedementos que se utilizan para resolver as actividades, sobre aqueles outras aprendizaxes meramente mecánicos e memorísticos. O alumno deberá encontrar significado ó que fai; el mesmo será o protagonista da súa aprendizaxe, descubrirá por si mesmo todo o que desexe saber ou queremos que saiba sobre un tema, contraste e comprobe o que aprende, experimente, saque conclusións e faga proposicións. As actividades de aprendizaxe enfocaranse desde un método científico, esixindo do alumno unha actividade reflexiva e comunicativa que afecta a todas as súas capacidades mentais: o alumno debe acostumarse a formular preguntas e hipóteses sobre a tarefa que vai realizar, observará, obterá datos, ordenaraos, operará con eles, contrastaraos co resto do grupo e sacará conclusións.

5. Avaliación e criterios

Coa avaliación pretendemos coñecer se se están conseguindo os obxectivos xenerais de etapa e os específicos de cada área de aprendizaxe.

Dous aspectos teremos presentes neste apartado: a avaliación referida ós alumnos e a avaliación da actividade docente.

Para avaliar e revisar, se procede, o desenvolvemento da actividade docente, conviría atender ós seguintes apartados:

- Nivel de acerto na concreción e distribución dos contidos por ciclos e cursos
- Adecuación dos obxectivos e contidos ás características dos alumnos
- Adecuación dos proxectos ás programacións de aula
- Adecuación dos materias empregados
- Coordinación do profesorado
- Control dos resultados académicos dos alumnos

A avaliación dos alumnos deberá ir máis alá da mera cualificación Os aspectos máis importantes nesta avaliación son:

- O conxunto de informacións que nos axudan a coñecer mellor ós alumnos.
- A súa integración escolar.
- A adquisición e emprego das destrezas xerais no uso da información, expresión oral e escrita, hábitos de traballo e organización do mesmo, participación no traballo en equipos, etc.
- As súas actitudes diante do traballo, da problemática social e ambiental, a tolerancia, cooperación, sensibilidade, etc.



- As actividades realizadas por eles, tanto individuais como en equipo.
- As adquisicións que acadaron respecto dos obxectivos inicialmente fixados.
- A súa autonomía na aprendizaxe.

O profesorado ha de estar interesado en coñecer en profundidade como desenvolve o seu propio traballo e a forma de sacarlle o máximo rendemento. Por este motivo:

- Preocuparse de actuar a súa formación científica e metodolóxica.
- Favorecerá a cooperación e aprendizaxe na aula, con atención ás diferenzas individuais.
- Coidará a adecuación do currículo desenvolvido, en especial no que fai referencia á secuenciación e á priorización de obxectivos e contidos didácticos e ó deseño e selección das actividades de aprendizaxe, así como a validez da metodoloxía empregada.
- Terase en conta a coordinación entre os profesoradoes e as solucións globalizadoras e interdisciplinares adoptadas.

A avaliación dos alumnos será continua, articulada co proceso de ensino-aprendizaxe. Ó comezo do período escolar cumprirá ter un coñecemento preciso sobre o estado en que se atopan os alumnos respecto dos novos contidos que se van desenvolver para adaptar as estratexias didácticas ou ben reconsiderar a conveniencia de emprender ou non os contidos programados. O alumnado poderá opinar sobre os seguintes aspectos:

- Formas de traballo preferidas: individualmente, en grupo, etc.
- Saídas ó exterior.
- Identificación das formas de aprendizaxe preferidas: escoitar, ler, memorizar, etc.
- Identificación dos recursos que máis lles gustan: material impreso, encerado, vídeo, etc.
- Opinión sobre o sistema que prefiren para constatar o seu progreso.

Al longo do proceso hai que ser conscientes de se están claros os obxectivos, se a selección de contidos é acertada, se o enfoque metodolóxico é apropiado, se as actividades son eficaces, etc. O profesorado fará unha ficha de seguimento de cada alumno. Cando se faga precisa unha proba puntual sobre os resultados do proceso (que nunca constituirá o único medio de avaliación) deberanse cumprir cando menos as seguintes condicións:

- Centradas en aspectos esenciais,
- Coa mesma metodoloxía empregada na clase,

Analizadas e valoradas tanto nas súas formulacións como nos seus resultados dentro do contexto de aprendizaxe.

Para a avaliación continua é de utilidade que os alumnos e alumnas dean a súa opinión sobre:

- que pensan que aprenderon e como o aprenderon,
- as dificultades que atoparon e as causas das mesmas,
- as actividades que máis lles gustaron e as que menos.



Coñecidos os resultados realizaremos os axustes ou corrección necesarios. Para cada curso celebraranse 3 sesións de avaliacións ó ano. O titor será o coordinador destas sesións. Os obxectivos da sesión de avaliación serán:

- dialogar sobre a marcha xeral do grupo,
- estudar a problemática dos alumnos e acordar solucións,
- acordar cambios na programación xeral do curso á vista dos datos da avaliación.

Os titores e demais profesorado facilitarán un diálogo fluído cos alumnos e os pais para mantelos informados da marcha do proceso escolar. Será obrigado oír ós alumnos e ós pais cando se presente o tema das repeticións.

O centro dará a coñecer os obxectivos, contidos e criterios de avaliación mínimos esixibles para obter unha valoración positiva e formará parte do proxecto curricular para proporcionar a base respecto a posibles reclamacións sobre a obxectividade das cualificacións académicas.

As reclamacións referentes á avaliación continua dirímense no centro, prevalecendo o xuízo do equipo de profesores. As reclamacións referentes á avaliación final, intentaranse dirimir en primeira instancia no centro e se o disenso entre reclamante e centro continuase, o director deberá enviar a reclamación á Delegación Provincial.

5.1. Normas para a avaliación

AVALIACIÓN DE ESO

1. **Os resultados da avaliación** na educación secundaria obrigatoria, as cualificación outorgada a cada alumno/a serán expresaranse en números enteiros. Cada departamento deberá expresar nos seus criterios de cualificación a maneira de facer a conversión da fracción decimal a número enteiro.

2. Con carácter xeral, as decisións adoptadas polo equipo docente irán referidas á promoción e titulación do alumnado, ás medidas de atención á diversidade e a todas aquelas que incidan no proceso educativo do alumnado. De non existir unanimidade no equipo docente, **a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.**

3. O alumnado promocionará ao curso seguinte cando superase os obxectivos de todas as materias cursadas ou teña avaliación negativa en dúas como máximo (sempre e cando non sexan Matemáticas e Lingua Galega ou Lingua Castelá simultaneamente en 1º e 3º de ESO), e **repetirá curso cando teña avaliación negativa en tres ou máis materias.**



4. **No cómputo das materias para efectos de promoción, consideraranse tanto as materias non superadas do propio curso como as de cursos anteriores.**

5. O alumnado que non promocioe permanecerá un ano máis no mesmo curso. Esta repetición irá acompañada dun plan de recuperación das aprendizaxes non adquiridas co fin de favorecer a adquisición das competencias básicas.

6. **O alumnado poderá repetir o mesmo curso unha soa vez e, con carácter xeral, dúas veces como máximo en toda a etapa.** Excepcionalmente, o alumnado **podará repetir unha segunda vez o cuarto curso se non repetise nos cursos anteriores.** Cando a segunda repetición teña lugar no último curso da etapa, poderase prolongar a escolarización ata os dezanove anos.

7. **Excepcionalmente poderá promocionar ao curso seguinte o alumnado con tres materias non superadas.** Esta decisión requirirá o acordo favorable da maioría simple do equipo docente.

AVALIACIÓN DE BACHARELATO

1. Na avaliación das aprendizaxes dos alumnos, que se realizará por materias, **os profesores considerarán o conxunto das disciplinas do correspondente curso**, así como a madurez académica dos alumnos en relación cos obxectivos do bacharelato e **as súas posibilidades de progreso en estudos posteriores.**

2. **Os resultados da avaliación expresaranse en cifras**, utilizando a escala numérica de 0 a 10 sen decimais.

3. **Promocionarán do primeiro ó segundo curso** de bacharelato os alumnos e as alumnas que foran avaliados positivamente en tódalas disciplinas do curso e aqueloutros que foran avaliados negativamente nunha ou en dúas materias.

4. **Os alumnos e as alumnas que non promocionaran a segundo curso por teren avaliación negativa en máis de dúas materias deberán repetir curso.**



6. Temas transversais

A preocupación polos coñecementos disciplinares do currículo non abandonará a formación ética e moral do alumno. O centro asome a idea do que o máis importante na súa tarefa é formar persoas capaces de vivir e convivir en liberdade. Por iso o alumno deberá aprender o uso de toda unha serie de normas éticas de convivencia, de hábitos e actitudes individuais e colectivas que van dar un sentido moral á súa condúa. Sobre a súa aplicación propoñemos dúas suxestións:

- O centro debe funcionar cos mesmos principios básicos de comportamento que as normas esixen para a convivencia social.
- A madurez docente e a condúa do profesorado deberá contribuír a fixar un sistema de valores que o alumno vaia interiorizando, descubrindo e xerarquizando, para adquirir a súa propia madurez persoal e social.

Dado que os valores que teñen unha alta incidencia na formación social e cívica das persoas son difíciles de incorporar a unha disciplina determinada serán abordados como temas transversais das diferentes áreas académicas, que non interesan tanto polos seus aspectos nocionais, como pola incidencia na creación de actitudes, hábitos e comportamentos indispensables para a convivencia social. Suxerimos a inclusión na actividades de clase:

Incorporara estes contidos a aqueles outros que lle son afíns. Por exemplo, se estudamos o corpo humano, podemos incluír aspectos relacionados coa saúde.

Iniciar as unidades didácticas con tópicos relativos a estas materias.

Non obstante, os profesores valorarán en cada momento cal é o proceso que mellor se axusta ás súas pretensións educativas.



II. A organización académica (Estrutura Pedagóxica e de Servizos)

1. Órganos de goberno

1.1. Unipersoais: director/a, xefes de estudo (diúrno e adultos), secretario/a e vicedirector/a.

Competencias:

DIRECTOR/A	XEFE/A DE ESTUDOS	SECRETARIO/A	VICEDIRECTOR/A
Representar oficialmente á Administración educativa no centro.	Exercer, por delegación do director, a xefatura do persoal docente.	Ordenar o réxime administrativo do centro.	Substituí-lo director en caso de ausencia ou enfermidade
Ostentar a representación do centro.	Coordinar e velar pola execución das actividades de carácter académico.	Actuar como secretario dos órganos de goberno do centro.	Organizar co director e xefe de estudos os actos académicos
Dirixir e coordinar tódalas actividades do centro.	Coordinar as actividades dos xefes de departamento.	Custodiar os libros e arquivos.	Coordina-las actividades complementarias e extraescolares
Designar o equipo directivo.	Coordinar e orientar a acción dos titores.	Expedir as certificacións.	Calquera outra que lle encomende o director dentro da súa competencia
Executar os acordos dos órganos colexiados.	Coordinar a actividade docente do centro.	Elaborar o anteproxecto de orzamento.	
Cumprir e facer cumprir as leis.	Elaborar os horarios académicos do alumnado e profesorado.	Ordenar o réxime económico do centro, coas instrucións da dirección.	
Exercer a xefatura de todo o persoal adscrito ó centro.	Facilitar a organización do alumnado e impulsar a súa participación.	Velar polo mantemento do material do centro.	



Garantir o dereito de reunión.	Establecer os mecanismos para corrixir ausencias imprevistas do profesorado.	Informar, sobre normativa, disposicións legais e asuntos de interese xeral ou profesional.	
Aprobar os proxectos e as normas de organización e funcionamento do centro	Organiza-la atención do alumnado nos períodos de lecer	Custodia e dispoñe-la utilización dos medios audiovisuais, mobiliario e TIC	
Aprobar a programación xeral anual e a obtención de recursos complementarios	Calquera outra que lle encomende o director dentro da súa competencia	Coordinar, dirixir e supervisar a actividade do persoal de administración e servizos	
Decidir sobre a admisión de alumnos e alumnas, con suxección ao establecido na Lei Orgánica e disposicións que a desenvolven		Calquera outra que lle encomende o director dentro da súa competencia	

Ademais das desenvolvidas nesta táboa, o/a vicedirector/a realizará as funcións que se atopan no punto 2.1.3. do capítulo II deste documento.

1.2. Colexiados: Consello escolar e Claustro (competencias)



<p>a) Avalia-lo proxecto educativo do instituto e propor modificacións, sen prexuízo das competencias que o claustro de profesores ten atribuídas en relación coa planificación e organización docente.</p> <p>b) Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos presentados.</p> <p>c) Avalia-la programación xeral anual do centro.</p> <p>d) Participar na elección do director/a do centro nos termos que establece a lei orgánica.</p> <p>e) Propoñer a revogación do nomeamento do director/a, logo do acordo dos seus membros, adoptado por maioría de dous terzos.</p> <p>f) Informar sobre a admisión de alumnado, con suxeición ó establecido na lexislación vixente.</p> <p>g) Aprobar e modificar o regulamento de réxime interior do instituto.</p> <p>h) Propor medidas e iniciativas para resolver os conflitos disciplinarios.</p> <p>i) Promover a renovación das instalacións e equipamentos do instituto, e vixiar a súa conservación.</p> <p>l) Informar das directrices para a participación do instituto en actividades culturais, deportivas e recreativas naquelas accións asistenciais nas que o instituto puidese aportar a súa axuda.</p> <p>m) Analizar e valorar o funcionamento xeral do instituto, a evolución do rendemento escolar e os resultados da avaliación que do centro realice a Administración Educativa.</p> <p>n) Elixir ás persoas representantes da comisión de convivencia</p>	<p>a) Elevar ó equipo directivo propostas para a elaboración dos proxectos educativos e curricular do centro e da programación xeral anual.</p> <p>b) Aprobar e avaliar os proxectos curriculares e os aspectos docentes da programación xeral anual, conforme ó proxecto educativo do centro.</p> <p>c) Promover iniciativas no ámbito da experimentación e da investigación pedagóxica e na formación do profesorado do centro.</p> <p>d) Elixir os seus representantes no Consello Escolar do instituto e no consello directivo do centro de formación continuada do profesorado.</p> <p>e) Propoñer todo tipo de iniciativas que tendan a mellorar o funcionamento do centro en calquera dos seus aspectos.</p> <p>f) Aprobar os criterios pedagóxicos para a elaboración dos horarios dos alumnos.</p> <p>g) Aprobar a planificación xeral das sesións de avaliación e cualificación e calendario dos exames ou probas extraordinarias.</p> <p>h) Analizar e valorar o rendemento escolar do centro mediante os resultados das avaliacións e outros parámetros que se consideren pertinentes.</p> <p>i) Coñecer as candidaturas á dirección e os programas presentados polos candidatos.</p> <p>l) Coordinar as funcións referentes a orientación, tutoría, avaliación e recuperación dos/as alumnos/as.</p> <p>m) Analizar e valorar os resultados da avaliación que do centro realice a Administración educativa ou calquera informe referente á súa marcha.</p>
---	---



<p>ñ) Establecer directrices para a elaboración do plan de convivencia.</p> <p>o) Realizar anualmente o seguimento do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.</p> <p>p) Propor actuacións en relación coa convivencia para todos os sectores da comunidade.</p> <p>q) Calquera outra que lle encomende a Administración Educativa.</p>	<p>n) Calquera outra que lle sea encomendada polos respectivos regulamentos orgánicos.</p>
---	--

Normas de funcionamento:

Convocatorias	Órgano competente	O presidente ou o secretario por orde do presidente.
	Antelación necesaria	Mínimo de 48 horas.
	Orde do día	Fixada polo presidente, tendo en conta, no seu caso, as peticións dos demais membros formuladas con antelación abonda.
	Documentación	A información sobre os temas que figuren na orde do día estará a disposición dos membros en igual prazo de 48 horas.



<p>Sesións</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Reuniranse preceptivamente unha vez por trimestre. - Sempre que o solicite un terzo, polo menos, dos seus membros. <ul style="list-style-type: none"> - Neste caso o presidente realizará a convocatoria no prazo máximo de 20 días contados desde o seguinte día a aquel no que se celebre a petición. - A sesión celebrarase como máximo no prazo dun mes contado desde o día seguinte á entrega da petición da convocatoria. - En todo caso reuniranse ó inicio e remate do curso. 	
<p>Quórum</p>	<p>Primeira convocatoria</p>	<p>Presenza do presidente e secretario ou, de ser o caso, dos que os substitúen, e da metade, polo menos, dos seus membros.</p>
	<p>Segunda convocatoria</p>	<ul style="list-style-type: none"> - No seguinte día lectivo. - No mesmo lugar e hora. - Suficiente a asistencia da terceira parte dos seus membros, e en todo caso, un número non inferior a tres, sen prexuízo da presenza do presidente e secretario ou persoas que os substitúen.
<p>Acordos</p>	<p>Adoptaranse por maioría de votos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Sen prexuízo das decisións que esixan unha maioría cualificada. - Soamente se contabilizarán os membros con dereito a voto. 	
<p>Acordos sobre asuntos que non figuren na Orde do día</p>	<p>Unicamente poderán adoptarse cando:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Estean presentes tódolos membros do órgano colexiado. - E sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría. 	



Certificación dos acordos	<p>- Os que acrediten a titularidade dun interese lexítimo poderanse dirixir ó secretario dun órgano colexiado para que lles sexa expedida certificación dos seus acordos.</p> <p>- Nas certificacións de acordos adoptados emitidas con anterioridade á aprobación da acta farase constar expresamente tal circunstancia.</p>	
Elaboración da acta	Órgano competente	O secretario
	Contido	<p>- Asistentes.</p> <p>- Orde do día da reunión.</p> <p>- Circunstancias do lugar e tempo en que se celebrou.</p> <p>- Puntos principais das deliberacións.</p> <p>- Contido dos acordos adoptados.</p>
Voto particular	Poderase formular por escrito, no prazo de 48 horas, e incorporarse á acta.	
Transcrición íntegra dunha intervención ou proposta na acta	Deberá aportarse no acto, ou no prazo que sinala o presidente, o texto que se corresponda fielmente coa intervención.	
Aprobación da acta	Na mesma ou na seguinte sesión.	

1.2.1. O Consello Escolar

Estará integrado por:

- Director
- Xefes de estudo
- 7 profesores
- 3 pais/nais (1 a proposta da A.P.A. e 2 por votación ante mesa electoral)
- 4 alumnos
- Representante do concello
- 1 representante da administración e servizos
- Secretario (con voz e sen voto).

-A primeira renovación parcial: 3 profesores, 2 alumnos e 2 pais.

-A segunda renovación: 4 profesores, 2 alumnos, 1 pai e o representante da administración e servizos.



2. Órganos de coordinación docente

2.1. Departamentos:

2.1.1. Orientación: integrado por 1 xefa de departamento (psicóloga), 1 profesora de apoio ó alumnado con necesidades educativas especiais. Hai tamén un titor por cada grupo de alumnos. Intentarán celebrarse reunións periódicas para traballar o Plan de Acción Titorial. Polo menos unha vez ó mes as reunións de departamento terán por obxecto facer o seguimento do desenvolvemento da programación de orientación educativa (atención ás necesidades educativas especiais, plan de acción titorial e programa de orientación académica e profesional) e establecer as medidas correctoras que se estimen necesarias. O xefe de departamento levantará acta dos acordos adoptados en todas as reunións. Á vista das actas despois da avaliación de xuño recolleranse nunha memoria os seguintes aspectos:

- Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica
- Motivo das modificacións
- Análise dos resultados das avaliacións dos alumnos en relación cos cursos anteriores
- Propostas para a revisión da programación didáctica para o curso seguinte dos proxectos curriculares de etapa.

A memoria redactada polo xefe de departamento será entregada ó xefe de estudos no prazo establecido.

2.1.2. Didácticos: Está compostos por tódolos profesores/as que impartan o ensino propio das áreas e materias asignados ó departamento. O establecido no punto anterior sobre reunións, actas e memoria será de aplicación ós departamentos didácticos. No caso de departamentos unipersoais o xefe de departamento recollerá nun informe mensual a avaliación e desenvolvemento da programación didáctica e as modificacións adoptadas, se é o caso.

A relación de departamentos didácticos do centro é a que está no punto 3.3. do capítulo I deste documento.

Competencias:

- Formular propostas ó equipo directivo e ó claustro relativas á elaboración do proxecto educativo do instituto e a programación xeral anual.
- Formular propostas á Comisión de Coordinación Pedagóxica relativas á elaboración dos proxectos curriculares de etapa.
- Elaborar, antes do comezo do curso académico, a programación didáctica das ensinanzas correspondentes ás áreas e materias integrados no departamento, baixo a coordinación e dirección



do seu xefe/a, e de acordo coas directrices xerais establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica. A programación didáctica será seguindo o proxecto curricular de etapa.

- Promover a investigación educativa e propoñerlle ó xefe/a de estudos actividades de perfeccionamento do profesorado.
- Manter actualizada a metodoloxía didáctica.
- Colaborar co departamento de orientación na prevención e detección temperán de problemas de aprendizaxe, así como na programación e aplicación de adaptacións e diversificacións curriculares, actividades de reforzo, ampliación e actividades de recuperación para os alumnos/as que o precisen.
- Organizar e realizar actividades complementarias en colaboración co departamento correspondente.
- Organizar e realizar as probas necesarias para os alumnos e alumnas de bacharelato ou de ciclos formativos con materias ou módulos pendentes e, se é o caso, para os alumnos/as libres.
- Resolver as reclamacións derivadas do proceso de avaliación que os alumnos/as lle formulen ó departamento e ditar os informes pertinentes.
- Elaborar, a fin de curso, unha memoria na que se avalíe o desenvolvemento da programación didáctica e os resultados obtidos.
- Propoñer materias optativas dependentes do departamento, que serán impartidas polos profesores/as do mesmo.

Competencias do xefe/a de departamento:

- Representar o departamento na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Participar na elaboración do proxecto curricular de etapa.
- Responsabilizarse da redacción da programación didáctica das áreas e materias que se integran no departamento.
- Dirixir e coordinar as actividades académicas do departamento.
- Convocar e presidir as reunións ordinarias do departamento e as que, con carácter extraordinario, fose preciso celebrar.
- Responsabilizarse de que se levante acta de reunión do departamento e de que se elabore a memoria de final de curso.
- Darlles a coñecer ós alumnos/as a información relativa á programación, con especial referencia ós obxectivos, ós mínimos esixibles e ós criterios de avaliación, elaborados polo departamento.
- Realizar as convocatorias, cando corresponda, dos exames para os alumnos/as libres, de bacharelato con materias pendentes e probas extraordinarias, sempre en coordinación coa Xefatura de Estudos. Presidir a realización dos exercicios correspondentes e avalialos en colaboración cos membros do departamento.



- Realizar o seguimento da programación didáctica do departamento, velando polo seu cumprimento e a correcta aplicación dos criterios de avaliación.
- Resolver as reclamacións de final de curso que afecten ó seu departamento, de acordo coas deliberacións dos seus membros, e elaborar os informes pertinentes.
- Coordinar a organización de espazos e instalacións e velar pola correcta conservación do equipamento específico do departamento.
- Colaborar co secretario/a na elaboración e actualización do inventario do centro.

2.1.3. Actividades complementarias ou extraescolares: a xefatura exercea no vicedirector/a e para cada actividade concreta o profesorado e alumnado responsable da mesma. Forman parte deste departamento o persoal encargado da biblioteca.

O establecido sobre reunións actas e memorias nos apartados anteriores será de aplicación a este departamento.

Funcións:

- Participar na elaboración do proxecto curricular de etapa.
- Elaborar o programa anual destas actividades para o que se terán en conta as propostas dos departamentos, profesorado, alumnado, pais e as orientacións do Claustro e Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Programar cada unha das actividades especificando obxectivos, responsables, momento e lugar de realización, repercusións económicas e forma de participación do alumnado.
- Proporcionar ó alumno a información relativa ás actividades do departamento.
- Promover e coordinar as actividades culturais e deportivas en colaboración co claustro, a comisión de coordinación pedagóxica, os departamentos, a xunta de delegados de alumnos e a asociación de pais.
- Coordinar a organización das viaxes de estudos, os intercambios escolares e calquera tipo de viaxes que se realicen cos alumnos/as.
- Distribuír os recursos económicos destinados para o efecto, procedentes de achegas de institucións, asociacións ou do propio centro, logo da aprobación polo Consello Escolar.
- Organizar a utilización da biblioteca do instituto.
- Elaborar unha memoria final de curso coa avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria do centro.
- Presentarlle propostas ó equipo directivo para a relación e intercambio de actividades cos centros do seu contorno.
- Requisitos para o desenvolvemento das actividades extraescolares que se realicen fóra da localidade onde está situado o centro:
 - Aprobación do Consello Escolar.



- Autorización escrita dos pais ou titor, de tratarse alumnos/as que estean baixo a súa responsabilidade.
- Os alumnos/as será acompañados polo profesorado correspondente na proporción dun profesor/a por cada vinte alumnos.

Pódense establecer convenios de colaboración con asociacións culturais ou entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de actividades extraescolares e complementarias (previa información do Consello Escolar). Estes convenios deberán ser autorizados polo Delegado Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Director Xeral de Ordenación Educativa e Centros ou Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, segundo teñan incidencia provincial, autonómica ou estatal.

As Administracións locais poden colaborar cos centros educativos para impulsar as actividades extraescolares e complementarias e promover a relación entre a programación dos centros e o contorno socioeconómico no que estes desenvolven o seu labor.

Calquera actividade complementaria á información contida nos libros de texto ou nas explicacións e demostracións do profesor debe programarse se comproba que ten un valor científico e motivador para o alumno. É preciso planificar previamente todas estas actividades e analizar se é imprescindible esta saída. Ás veces un documento audiovisual, a prensa ou a charla dunha persoa experta son bos exemplos da aproximación do medio exterior ó medio escolar.

O Departamento elaborará un cadro coas actividades programadas nas que figurará Curso, Profesor(es), Actividade, Disciplina, Nº de alumnos participantes, Lugar, Duración e Custo. Deste xeito a Comisión de Coordinación Pedagóxica, os xefes de estudos e o secretario terán a información necesaria para os axustes organizativos e orzamentarios.

2.2. Comisión de coordinación pedagóxica:

Está integrada por:

- Director/a: que será o seu Presidente.
- Xefe/a de Estudos (Díurno e Adultos).
- Xefes de Departamento.
- Coordinador do Equipo de Normalización Lingüística.
- Profesor/a de apoio a alumnos/as con necesidades educativas especiais.
- Actuando como Secretario un membro da Comisión designado polo Director/a, oídos os restantes membros.

Esta Comisión deberá establecerá un calendario de actuacións para o análise dos proxectos curriculares de etapa e para a inclusión neles das posibles modificacións derivadas da citada avaliación. Tendo en conta as suxestións do xefe de estudos será proposto ó claustro de profesores, é contará coa súa aprobación o plan xeral das sesión de avaliación e cualificación dos alumnos.

Esta planificación incluírase no plan de acción tutorial.



Competencias:

- Elevar propostas ó Claustro co fin de establecer os criterios para a elaboración dos proxectos curriculares.
- Velar para que a elaboración dos proxectos curriculares de etapa nos que se incluírá o plano de orientación acción académica e o plano de acción tutorial se realice conforme os criterios establecidos polo Claustro.
- Asegurar a coherencia entre o proxecto educativo do Instituto, os proxectos curriculares de etapa e a programación xeral anual.
- Establecer as directrices xerais para a elaboración das programacións didácticas dos departamentos, do plano de orientación académica, do plano de acción tutorial, así como das adaptacións curriculares e dos programas de diversificación curricular e de garantía social, incluídos no proxecto curricular.
- Propoñer ó claustro de profesores os proxectos curriculares para a súa aprobación.
- Velar polo cumprimento e posterior avaliación dos proxectos curriculares de etapa.
- Propoñer ó Claustro a planificación xeral das sesións de avaliación e cualificación e o calendario de exames ou probas extraordinarias, de acordo coa Xefatura de Estudos.
- Canalizar as necesidades de formación continuada do profesorado cara ó Centro de Formación Continua do Profesorado.
- Propoñerlle ó Director/a os profesores titores que han de formar parte do Departamento de Orientación.
- Realizar, de ser o caso, a proposta ó Xefe/a de Estudos co fin de que se designe o responsable do departamento de actividades complementarias e extraescolares.
- Propoñer os profesores/as que han formar parte do equipo de normalización lingüística.

2.3. Outros órganos

2.3.1. Equipo de normalización lingüística

Competencias:

- Presentar a través do Claustro, propostas ó equipo directivo para a fixación dos obxectivos de normalización lingüística que se incluírán no proxecto educativo de centro.
- Propoñer á Comisión de Coordinación Pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plano xeral para o uso do idioma, no cal se deberá especificar, cando menos:
 - a) Medidas para potenciar o uso da lingua galega nas actividades do centro.
 - b) Proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e a mellora-la competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.



- Propoñer á Comisión Pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plano específico para potenciar a presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore, etc. no ensino.
- Elaborar e dinamizar un plano anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos planos anteriores.
- Presentar para a súa aprobación no Consello Escolar o orzamento de investimento dos recursos económicos dispoñibles para estes fins.
- Aqueloutras funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establece na súa normativa específica.

A coordinación do equipo será desempeñada por un profesor/a do mesmo, preferentemente con destino definitivo no centro. O Coordinador será nomeado polo Director/a por proposta dos compoñentes do equipo, e desempeñará a súas funcións durante catro anos, renovables.

Competencias do coordinador:

- Colaborar na elaboración dos proxectos curriculares de etapa.
- Responsabilizarse da redacción dos planos que serán propostos á Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Convocar e presidir as reunións do equipo.
- Responsabilizarse da redacción das actas de reunión, así como da memoria final de curso, na que se fará unha avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria do centro.
- Proporcionarlles ós membros da comunidade educativa información sobre as actividades do equipo e todos aqueles actos e institucións culturais relacionados coa realidade galega.

2.3.2. O Profesorado titor:

Funcións do profesorado titor

Ademais das tarefas docentes específicas terá as seguintes:

- Participar no desenvolvemento do plano de acción titorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do Xefe/a de Estudos e en colaboración co Departamento de Orientación.
- Proporcionar no principio de curso ó alumnado e ós pais información documental ou indicar onde poden consultar todo o referente a calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.
- Coñecer as características persoais de cada alumno/a a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.
- Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno/a.



- Efectuar un seguimento global dos procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.
 - Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para alumnos/as do seu grupo.
 - Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.
 - Orientar o alumnado dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
 - Informar ó equipo de profesores do grupo de alumnos/as, das súas características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
 - Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos/as.
 - Organizar e presidir as sesións de avaliación do seu grupo.
 - Favorecer o proceso de maduración vocacional orientando e asesorando o alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais.
 - Colaborar co departamento de orientación do instituto nos termos que estableza a Xefatura de Estudos.
 - Colaborar cos demais titores e co departamento de orientación no marco dos proxectos educativo e curricular do centro.
 - Orientar as demandas e inquiredanzas do alumnado e mediar, en colaboración co delegado de grupo, ante o resto do profesorado, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
 - Informar ó alumnado do grupo, ós pais e profesorado de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico.
 - Facilitar a cooperación educativa entre o profesorado e pais dos alumnos/as.
 - Exercer de acordo co proxecto curricular, a coordinación entre os membros do equipo docente.
 - Cubrir os documentos oficiais relativos ó seu grupo de alumnado.
 - Controlar a falta de asistencia ou puntualidade do alumnado, e ter informados ós pais ou titores e o Xefe/a de Estudos.
 - Implicar as familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos.
 - Atender co resto do profesorado ó alumnado mentres estes permanecen no centro nos períodos de lecer.
- O Xefe/a de Estudos coordinará o traballo dos titores e manterá as reunións periódicas necesarias.



3. Servizo de biblioteca e documentación

Este servizo estará integrado no departamento de actividades complementarias e extraescolares e desempeñará as seguintes funcións:

- a) Asegurar a organización, mantemento e axeitada utilización dos recursos documentais e da biblioteca do centro.
- b) Atender ós alumnos que utilicen a biblioteca e velar polo mantemento da disciplina na sala de lectura.
- c) Difundir entre o profesorado e o alumnado información administrativa, pedagóxica e cultural.
- d) Colaborar na promoción da lectura como medio de información, entretemento e lecer.
- e) Recoller as propostas e trasladalas á dirección de compra de novos materias e fondos para a biblioteca.

4. Persoal non docente

Persoal subalterno:

- a) Deberán permanecer nas dependencias do centro ó menos 1 bedel, sempre e cando o segundo, por obrigas das súas funcións, teña que ausentarse do posto.
- b) As ausencias motivadas que non fosen por cumprimento do horario deberán ser comunicadas ó secretario e na súa ausencia ó xefe de estudos e ó compañeiro/a de conserxería.
- c) A persoa encargada do servizo de reprografía coidará da orde do recinto e do estado das máquinas
- d) No se tomará o tempo de café no período de recreos do alumnado e deberá observarse neste caso o dito no apartado 1º.
- e) Notificaranse puntualmente ó secretario as necesidades de subministro para o seu posterior pedido.

5. O alumnado

5.1. Xunta de delegados

Integrada por representantes dos alumnos dos distintos grupos e representantes dos alumnos no C.E. Estará presidida por un membro elixido entre os compañeiros para facer chegar as propostas ós órganos de dirección ou de coordinación didáctica.

Serán oídos no concerner a tolerancia: celebración de probas e exames, reclamación e alegación nos casos de incumprimento das tarefas educativas do equipo docente, reclamacións e alegacións sobre eficacia e obxectividade na valoración do rendemento escolar, libros e material didáctico obrigatorio, proposta de sancións

Constituirase no primeiro mes do curso. Deberá contar co espazo adecuado facilitado polos xefes de estudo.



III. Plan de convivencia

ANEXO I

Normas de Organización e Funcionamento do centro. Normas de convivencia

ANEXO II

IV. Plan de Acción tutorial

ANEXO III

V. Plan de dinamización e normalización lingüística

ANEXO IV

VI. Plan de fomento da lectura (plan lector)

ANEXO V

VII. Plan TIC

ANEXO VI

VIII. Plan de atención á diversidade

ANEXO VII

IX. Plan de orientación académica e profesional

ANEXO VIII